


Tema ABAU - Tema 3

► Factores xeográficos e termodinámicos que inflúen no clima de España.

- Factores xeográficos: latitude, situación, influencia do mar, relevo.
- Factores termodinámicos: en altura (Jet Stream) e en superficie (centros de acción, masas de aire, frentes).



Prácticos ABAU - Tema 3

- Mapas do tempo en superficie: advección do Oeste e anticiclón de verán.
- Mapas de temperaturas e precipitacións medias.
- Mapa dos climas de España.
- Análise dun climograma arquetípico dos grandes dominios climáticos españois: oceánico, mediterráneo e subtropical.
- (Análise de cliseries: Pireneos e Teide).




Conceptos ABAU - Tema 3

Barlovento (pág. 54) (pág 58)

Umbría ou **avesedo** (pág. 54) (pág 58)

Isóbara (pág. 56) (pág 59)




Inversión térmica (pág. 60) (pág. 62)

Isohieta (pág. 60) (pág 64)

Aridez (pág. 61) (pág 65)

(Laurisilva / Maquis / Vexetación clímax/


Vexetación antrópica / Landa)



Barlovento

Ladeira dun relevo montañoso que, pola súa orientación, queda exposta ao fluxo ascendente do vento. Cando unha masa de aire se atopa con ese relevo montañoso vese obrigada a ascender, ao facelo, o aire enfriarase e non poderá conter tanto vapor de auga. Se chega a *saturarse* (100% de humidade), parte do vapor de auga se *condensará*, dando lugar a precipitacións nesa ladeira. Este tipo de precipitacións denomínanse **precipitacións orográficas**.

As rexións situadas a barlovento dos ventos dominantes presentan clima húmido, como é o caso do norte peninsular, situado na vertente de barlovento da Cordilleira Cantábrica.



Pasado o cumio, o aire descenderá pola ladeira de **sotavento**, ao facelo requeixarase e producirá sequidade e non se orixinarán precipitacións. Ese fenómeno de requeixamento do aire descendente se coñece como **efecto Föhn**.

As rexións situadas a sotavento dos ventos dominantes presentan clima seco, como é o caso do sueste peninsular, ao abrigo das vertentes de sotavento das cordilleiras Béticas.

Umbría ou avesedo

Zona que, pola súa orientación, está sempre en sombra. Nas montañas é a vertente norte do val exposta á sombra e oposta á **solana** ou **solleiro**. É máis fría e húmida que a solana, polo que ambas ladeiras mostran diferenzas na vexetación, sendo os bosques máis amplos na umbría e concentrándose na solana os núcleos de poboación, os cultivos...

Canóns do Sil, Ourense




Isóbara

Liñas que nun mapa de tempo unen puntos que teñen a mesma presión atmosférica nun determinado momento. A presión media ou normal a nivel do mar é de 1013 milibares ou hectopascals, pero nos mapas de tempo adoita considerarse o valor de 1016 milibares, nesos mapas as isóbaras van de 4 en 4 mb.

As áreas con presión superior á normal constitúen *anticiclóns*, soen ir asociados a tempo seco e estable. As áreas con presión inferior á normal constitúen *depresións* ou *borrascas*, soen ir asociados a tempo inestable e chuvioso.

Nos mapas de tempo os *anticiclóns* identifícanse coa letra **A** e as isóbaras presentan valores superiores a 1016 mb, aumentando o valor da presión cara ao centro.

Nos mapas de tempo as *borrascas* ou *depresións* identifícanse coa letra **B** e as isóbaras presentan valores inferiores a 1016 mb, diminuindo o valor da presión cara ao centro.




Inversión térmica

É unha situación atmosférica anómala na que a temperatura do aire é máis fría no solo que en altura, rachando así coa diminución normal do gradiente térmico ($0,6^{\circ}/100\text{ m}$) a medida que aumenta a altitude. É típica do inverno, en situacións anticiclónicas, en lugares que teñen unha topografía que favorece o estancamento do aire, como o fondo dos vales ou nas concas intermontañas.

O arrefriamento nocturno do solo transmíteselle ao aire que ten enriba, que se volve máis frío que o das capas altas e queda estancado no fondo do val. Esta situación soe provocar a formación de néboas, orballo ou xeadas ao amencer.





Cantabria



Unha situación de inversión térmica pode dar lugar a que a contaminación atmosférica quede atrapada preto do solo, cos conseguintes efectos nocivos para a saúde.




Madrid



Isohieta

Liñas imaxinarias que nun mapa unen puntos que teñen iguais valores de precipitacións durante un período determinado de tempo. O valor das precipitación que representan exprésase xeralmente en milímetros (mm).

En España, os valores máis elevados, superiores a 800 mm, correspóndense coas zonas montañosas e o norte peninsular e os máis baixos, inferiores a 300 mm, atópanse nas Illas Canarias e no sueste peninsular.




Aridez

É a insuficiencia de auga no solo e na atmosfera. Prodúcese cando a precipitación é inferior á evaporación. Polo tanto, depende da relación que hai entre o volume de precipitacións e os valores acadados pola temperatura. Así, a aridez será maior canto menor é a precipitación e canto máis alta é a temperatura. As causas que poden provocar esa sequidade son a circulación xeral atmosférica, a continentalidade, as barreiras montañosas ou a influencia das correntes mariñas frías, entre outras.

Cando se supera o límite de aridez, comeza a fase do déficit hídrico que limita a vexetación e a potencialidade agraria dun lugar.

O mapa permite ver que en España as zonas máis áridas son o sueste peninsular e as Illas Canarias máis orientais; pero tamén teñen unha importante aridez a metade sur, a excepción das cadeas montañosas máis elevadas, máis a Submeseta norte, a conca do Ebro e a costa mediterránea. Existen varios índices para a súa medición.



Deserto de Tabernas, Almería

